

O poemario de Laureano Xoaquín Araújo Cardalda (Berna, 1964), *Os días condenados*, obtivo o II Premio de Poesía Gonzalo López Abente e supón o bautismo dunha primeira flor do seu maxín poético. Dividido en tres seccións, cada unha delas vai precedida dun caudaloso conxunto de citacións literarias que nos revelan a amplitude dos seus intereses estéticos, a indubidábel preferencia das súas lecturas e, en consecuencia, as influencias que ao longo dos versos podemos advertir e comentar. Elas son sempre múltiples, transcritas nos distintos idiomas orixinais (italiano, inglés, alemán, portugués...), o que amplía os horizontes da escrita e a nosa xeografía sdntimental. Estas voces citadas encabezarán (ou mesmo se incrustarán) os textos poéticos nun diálogo de permanente fecundidade. O que percibimos de inmediato e destaca no quefacer artístico do noso creador é a fulgurante precisión verbal que maneja, a traballada exactitude dos símbolos, o laborioso ful-


gor das metáforas: “Cal será ese lugar sen destino,/ese punto privado de toda densidade/no que a palabra nos desordena?”

O segundo aspecto que podemos salientar é o ton pudorosamente conversacional de moitas das composicións que deixan entrever un mundo de sufrimentos distantes e de tempestades próximas: “A túa voz perdeute/e apenas insiste en volver habitar”. A felicidade verbal que achamos nestas páxinas complétase con pezas de forte destreza compositiva, co-

Para unha nova escrita

Afiliados ao gozo das palabras

ROMÁN RAÑA



mo en “Cara ao inverno”, onde descubrimos nas estrofas a estrutura dos haikus e, en intenso contraste, o dilatado versículo en “Ich teile mit, dass”, ou a

disposición paralelística en “Houbo tempos”, ou a salmodia insistente de “Mala lama” ou “Permiso denegado”.

Nun volume tan variado como o que estamos a comentar non podía faltar un dos recursos máis queridos pola poesía da modernidade: a enumeración. Achámola, por exemplo, nun dos poemas máis emocionantes do libro, “Estela”, onde podemos ler: “As casas brancas,/as rúas desiguais, estreitas, quietas,/as brisas miúdas nas esquinas,/un libro aberto esperando baixo o sol dunha terraza,/un vello entrando para soñar na sesta”. Parafraseando a afirmación de André Bonnard, se a forza explosiva da alma tende á destrución das fatalidades que a oprimen, a súa verbalización consecuen- te (impuramente destrutiva) é enxendradora dunha nova escrita. Podemos comprobalo en cada unha das follas dun autor que, con raro valor, nos afilia ao gozo das palabras. ARAÚJO CARDALDA, L.X., *Os días condenados*, Ed. Xerais, Vigo, 2015, PVP:12, 50 €